

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA OBRA DE ACCESIBILIDADE E MELLORA DE SERVIZOS NO CASCO HISTÓRICO: PÍO XII, PRAZA DA SOIDADE E PRAZA MAIOR (EXP. REF. 24-2016). LECTURA DE INFORMES TECNICOS E SELECCIÓN DA OFERTA MÁIS VANTAXOSA.

Sendo as 13:00 horas do día 12 de setembro de 2016, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello de Lugo e actuando como vocais:

- . Dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación; actuando como Secretaria.
- . Dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo; actuando en representación da Asesoría Xurídica.
- . Don Marcial Rodríguez Toajas, interventor do Concello de Lugo.
- . Don Pablo Fuentes Failde, enxeñeiro do servizo de Infraestructuras do Concello de Lugo.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese a informar por parte da Secretaria da mesa das empresas ás que se lles concedeu poder xustificar a súa oferta ao ser considerada anormal ou desproporcionada segundo o prego de cláusulas administrativas particulares, e que son as seguintes:

- * CETA CONTRATAS, S.L.
- * COPCISA, S.A.

A vista do cal os membros da mesa acordan proceder á lectura dos informes técnicos emitidos polo Xefe do Servizo de Enxeñería municipal sobre as xustificacións de baixas temerarias presentadas por ditas empresas.

Nestes informes faise constar por parte do técnico que subscribe non entender que se poida considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa COPCISA, S.A. e CETA CONTRATAS, S.L., polo que propón a súa desestimación"; polo que os membros da mesa acordan tamén a súa exclusión da licitación de referencia.

A continuación procedese á elaboración do cadro final de puntuacións unha vez excluídas as empresas ás cales se lles desestimou a súa xustificación de baixa temeraria, co seguinte resultado:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: acta prop adxudicac

Asunto:

	EMPRESA	OFERTA	GARANTÍA	PRAZO EXEC.	TOTAL
11	ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L.	6,45	2,00	0,75	9,20
3	DESMACO, S.L.	5,80	2,00	0,75	8,55
2	PROBISA VIAS Y OBRAS S.L.U.	5,36	2,00	0,50	7,86
1	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U.	5,18	2,00	0,50	7,68
6	PROYECON GALICIA, S.A.	4,93	2,00	0,75	7,68
15	I ANÇER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	4,97	2,00	0,50	7,47
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	4,66	2,00	0,75	7,41
8	CONSTRUCCIONES SANLE LUGO, S.L.	4,65	2,00	0,45	7,10
13	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	4,31	2,00	0,50	6,81
16	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	6,62	-	-	6,62
19	SONENSE DE GRANITOS, S.L.	4,03	2,00	0,25	6,28
12	PORTOSAR GALICIA, S.L.	3,63	2,00	0,25	5,88
18	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	5,67	-	-	5,67
14	HORDESCON, S.L.	3,12	2,00	0,50	5,62
17	CONSTRUCCIONES BOALVA, S.L.	5,18	-	-	5,18
9	GRUPO BASCUAS 2008 S.L.	2,05	-	-	2,05
7	EXCAVACIONES J. CARREIRA, S.L.	0,60	0,50	0,50	1,60

A vista do cal os membros da mesa acordan propoñer:

PRIMEIRO .- Excluir do procedemento á empresa COPCISA, S.A., **por non considerarse xustificada a oferta económica presentada segundo informe técnico.**



SEGUNDO.- Excluir do procedemento á empresa CETA CONTRATAS, S.L., **por non considerarse xustificada a oferta económica presentada segundo informe técnico.**

TERCEIRO.- á selección da mercantil **ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L.**, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello, por importe de 104.423,00 euros, IVE incluído, un incremento do prazo de garantía de 48 meses a maiores do mínimo esixido en meses e un prazo de execución de 1,5 meses.

Asimesmo acordan requirir á sinalada mercantíl, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente a documentación sinalada na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas; así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE


Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas do día sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE



Asdo.: Xesé Manuel Cao Rei

A SECRETARIA



Asdo.: Ana Tabares Martínez

